

A LIBERDADE DAS AMADAS MULLERES

Carmen Blanco

Universidade de Santiago de Compostela

A C, nume, musa, música no amor máis meu.

Todo o que eu amo é eterno
coma ti Terra o eres
coma as amadas mulleres
coma as neves
máis leves
do máis esquecido inverno

Uxío Novoneyra

Nunca fui como te amo.

Uxío Novoneyra

*Tres dous e unha
A Coruña
a farmacia
do Ferrol
mirando ben
vese o tren
salto ao tren
chemin de fer
todoterreo das liberdades
perfumes púrpura do paraíso*

LIBERDADE, AMOR E MULLERES

Se falo de mulleres e amor en Novoneyra, falo de mulleres e liberdade, e de amor e poesía, seguindo a apertura con que tratou o tema o meu compañeiro Claudio Rodríguez Fer no epílogo de *Muller pra lonxe* (Rodríguez Fer 1986: 81-84). Porque a poesía hai que seguila. Do poeta total parto (Blanco 2010 B: 8).

Falo de poesía, liberdade, amor e mulleres con palabras e silencios. Co cerebro, co corpo, co corazón. Calando pola paz. Contra as guerras. Contra o Poder. Contra o Patriarca (El, Ela ou Elo). Contra o cal. Contra a envexa da vulva. Contra a envexa do falo. Falo e calo. Veño *loca soñando* e calo. Pero falo ante vós pola primavera da vida en todos os invernos. Pola primavera da neve. Polo negro total da anarquía vista no voo do corvo. Corva curva en C. Como no amor. Canta a paxara do gozo a beleza curva:

Nada vin tan belido
Nin o outono da faia.

Si me anoei unha noite
e me crebei tantas ate a moca a solas
por qué o meu verso sigue esta curva
–o xeito como ela andaba i estaba–?

Ah escribir como quen dibuxa a espalda dunha hora!
(Novoneyra 1986: 30)

AMOR EN MADRID

Este amor é amor en Madrid. No Madrid das illas de liberdade, de noite, de música, de mulleres (Blanco 2010 a: 35-36):

Tan perto o canto cando che eu miro!
Como si chegara a nembrar pro que eu nacera (Novoneyra 1986: 26)

Podo fincar só na túa imaxen.
Levo esta seguranza na noite.

NOITE anoada! (Novoneyra 1986: 29)

AMIGAS, BOSQUES E PAXAROS

E do Retiro de Madrid, da metrópole bosque, do bosque que Novoneyra non ve nas cidades, moucho sempre el en Lugo ou Madrid, metido como está nos seus cumes courelaos interiores, volvemos a onde é para el sempre bosque, a súa serra soa courelá de amigas, bosques e paxaros que cantan marcando o territorio (Blanco 2010 b: 8). O lugar do merlo amiga lene:

Sei como estará a noite ó teu lado
merlo que agardas o canto que nunca tuveche no bosque.
Tamén eu atendín o silencio na forza da sede que vela.

Amiga lene de horas solas –choiva e bosque–!
gracia antiga
nas tuas maos gárdanse os ritos esquecidos,
d'elas ós teus ollos
a miña ollada ergue o prego xordo de quen quere ter senso.
Mais inda no pulo do amor
eu sei que só podemos aspirar a un tempo d'intres.
Non lle neguemos nada a esta hora nosa.
Logo volverán os días en que todo se vira.
Sí amiga non temos nada que non se perda doadamente
(Novoneyra 1986: 22)

O lugar das amigas múltiples e o lugar das moitas maneiras de amar, como nos sons das cantigas orais populares e medievais:

Teño amigas sotiles
vulgares i estrañas
que van dos quince abrils
ata as primeiras canas.

Eu
que nin inda son meu.

Teño amigas en coitas
e ledas e senlleiras
ás que eu amo de moitas
de tódalas maneiras.

Eu
que nin inda son meu (Novoneyra 1990: 153)

A ALEGRÍA DO AMOR

Este amor no Courel é a alegría da vida. É o amor das fiandeiras, do fiar amoroso, dos fiadeiros e dos soños:

Fiandeiřiña namorada
que fías detralo lume
cos ollos postos nas chamas
roxíñas brancas i azules.

Fiandeiřiña que fías
nas noites do longo inverno
as liñas máis delgadiñas
co fío do pensamento.

Cai a neve quedo fora
riba dos teitos calada
mentras ti fías e soñas
nunha cousiña lonxana... (Novoneyra 1990: 97)

–Fiandeiřiña delgada
sempre metida a fiar
sempre a fiar e soñar
para logo non ser nada.

–Para logo non ser nada
eso inda está por ver
e pois cas frebas do liño
ó torcelas de camiño
algo se ha de prender.

–Algo se ha de prender
i afé que tiñas razón
que eu estábache mirando
sin deñar que encantenón
íbame indo namorando (Novoneyra 1990: 98)

É tamén o amor das tecedeiras, das pastoras e das donas, da historia e da lenda. Das mulleres e dos lugares das músicas da vida:

Moreda das morodellas!
Nogueiras freixos da Barxa!
A Boca do Couto! As Augas
i a Devesa da Rogueira!

Baixando terra fragosa
dende a Fontiña da Rosa
hastr o muiño das edras
peta a auga nas pedras
foza nas portas un touro
tecen as mozas na tea
un monte lonxe fumea
e vai muñando o boi louro... (Novoneyra 1990: 83)

Ventana de Doña Ildara
pra banda da tara!
Castelo de Carbedo
Sólo prá tarde no bico do penedo! (Novoneyra 1990: 85)

Covallo de Doña Briosa!
Lagos fontañas outas
Da Seara! Campo Lerín Murelos
Cortello dos Cervos! (Novoneyra 1990: 85)

E os cantos das mulleres do presente courelao da posguerra. Cantos que conteñen a longa e vella cadea do coro das cantadeiras galaicas, que ecoan nas cantigas de amigo e nos cantares das cantoras populares homenaxeadas por Rosalía de Castro en *Cantares gallegos*, ao plasmalas dándolles a autoría (Blanco 2006: 73-75 e 60 e 64), e nun outro xeito distinto por Novoneyra ao cantalas só nomeándoas (Blanco 2010: 29):

Pastora que pásala vida
no monte soliña!
Pastora que fías e cantas
ca roca á illarga!
Pastora que cantas e fías
lá branca merina!
Pastora que fías e cantas
á tardiña baixa!
Pastora que cantas e fías
á alta seriña! (Novoneyra 1990: 124)

Ildara de Romeor
fía e canta no Sumedo
á raia do albor.

Ildara de Romeor
olla e cala pro ucedo
á raia do solpor (Novoneyra 1990: 124)

A LIBERDADE DA VIDA

Nas loiras da liberdade da vida Novoneyra ve o brillo da arte das mulleres da historia. E canta mulleres con nome como as poetas María Mariño e Rosalía de Castro ou a soldadeira María Peres, Balteira.

As dúas primeiras son presenzas persistentes no seu canto (Blanco 2007: 29-31; 2010 a:14-15) e repetidamente depuradas. E a terceira ten unha presenza fugaz afirmativa que se cadra podería seguir un certo feminismo de Luís Seoane e Lorenzo Varela na recreación da soldadeira fortemente vilipendiada pola misoxinia (Blanco 2005: 17-20; 2006: 24). Nesta mesma liña filóxina progresista poderíase situar unha primeira filiación da temática política de Novoneyra con María Mariño e Rosalía, e logo a arte plástica do poeta no seu ciclo cívico *Do Courel a Compostela* coa figura da loitadora negra Angela Davies (Blanco 2010 b: 9). Estes son dous dos poemas depurados que nomean as dúas primeiras:

A MARÍA MARIÑO

Cántos outonos e longos invernos
pasando a ollada –espello a espello–
da coor dos teus ollos á coor do ucedo! (Novoneyra 1990: 196)

A ROSALÍA

Sólo da Terra.

Poden inseguranza e desamparo
i acólleste ós bes certos:
a casa!
o val!
a patria humilde!
Nosa patria pola que ti clamas furando a noite! (Novoneyra 1991: 15)

E estes son os versos que evocan a Balteira, recollendo as súas artes do amor, o baile e o xogo no fonosimbolismo cinético baseado, especialmente, na aliteración das oclusivas /b/ e /d/ (Rodríguez Fer 1989: 124):

i entre tódalas soldadeiras sóla ti María a Balteira
belida dos dados donda da danza a primeira (Novoneyra 1990: 154)

AMORES FAMILIARES

Mais volvamos ao bosque das orixes. Aí están os amores familiares. A nai e a irmá. Nos seus lugares. E o amor nos versos:

Polo Real de Parada
por Savane e por Piñeira
Pontalor e Fondestela

cara Pacios de Lousada
 o solar da miña mai.
 Polas rotas do meu pai
 i a miña irmá cabaleira.
 Coma se fora candi-el
 coma se fora candi-ela
 a Pedrafita á feira (Novoneyra 1999: 77)

E da nai á filla. Para que cante de novo a paxara do gozo. O vello poema de paxaros do libro primeiro *Os eidos* con dedicatoria nova no ciclo recompilatorio *Os eidos*:

A Branca-Petra do Courel

No bicarelo do bico do brelo
 canta o paxariño.
 No mesmiño
 bicarelo do bico do brelo (Novoneyra 1990: 108)

MULLER PARA LONXE

E, antes e despois, a muller para lonxe que dá título ao ciclo erótico *Muller pra lonxe*. A compañeira definitiva da vida. Como a serra. Como a neve. Lá e mai. Manto e ámeto. E canto. Con data de 1969:

Nadal neva a neve caíndo con todo o ámeto
 Coallado silencio /lá e mai/ tapa serra e concencia

Mais de ti de ti só me apadúo en canto (Novoneyra 1986: 38)

A muller para o soño da verdade e da liberdade nas rúas e nas praias, como no mellor dos desexos da revolución do sesenta e oito:

Andas as ruas coma se fora a praia
 lenelene entras na carta
 i escribes diante frores murchas
a fibela do meu traxe sigue tan benfeita

ouh muller pra lonxe
 pra aquilo que tral o locir d intres nada pode haber diario

chegas do NORDE
 pasas da saga á cantiga levando sola a gran imaxen (Novoneyra 1986: 39)

Muller e lugar de Novo Neyra. Elva. Que foi para O Courel:

A Elva que veu pro Courel

Neva
 e non leva.

Todo un tempo a un ora.

.....

Cai a neve a plomo
como
nun ámeto pechado
cai a neve fora.

.....

Xa non se oi o río.

Vai nacer outro Uxío
pra que siga o Pasado (Novoneyra 1990: 209)

O ESPLENDOR DA BELEZA DA NEVE

O poeta canta no seu *Ámeto mítico* (Blanco 2010: 6 e 159-160) a neve mítica e a muller mítica. O esplendor da beleza da neve. Contra a peste da HISTORIA maiúscula:

Compría romper principiando por todo
(...)
entrou o INVERNO toda a PRIMAVERA
XANEIRO ou MAIO?
a tua rara beleza crebeina entr os brazos
i era a máis rara
(...)
non non é así como somos nin ti nin eu nin todo
é a peste da HISTORIA (Novoneyra 1986: 41)

Porque hai un Novoneyra de versos de revolución total e integral. Un Novoneyra con elementos libertarios nos versos. O Novoneyra que pon nas *Elegías del Caurel y otros poemas* unha cita de María Mariño no poema que nomeará a totalidade do ciclo político, a partir do verso “Irei un día do Caurel a Compostela”, e que pon tamén nel o verso antipoder “Os que así nos tein só tein noso os nosos nomes no censo”.

A FORZA REVOLUCIONARIA DO AMOR

É este tamén o poeta da forza revolucionaria do amor que pon ademais nese mesmo poema anterior o verso “Non, a forza do noso amor non pode ser inute!” (Novoneyra 1966: 16). O poeta que chama a desfacer a distancia coa fusión na aperta:

Rompamol'a distancia –eterna distancia–
nista aperta-teima. Ah, ser como somos!
Cánta forza e pregunta nos teus ollos me mira
en pasada a loira da conciencia de todo! (Novoneyra 1966: 82)

E, igualmente, o poeta do ciclo elexíaco que canta as potencialidades transformadoras do amar:

TRANSFORMACIÓN

Jamais je n ai été comme je t aime.

Nunca fuí como te amo (Novoneyra 1991: 59. Sic)

A LOITA POLA LIBERDADE

Así, o poeta chamará a Elva, a compañeira da súa vida, “irmá pequena”, designaraa “grave grave grave” e daralle filiación rosaliana. Une, entón, amor e liberdade. E, tal vez, unha loita continua pola liberdade. Continua como cae a neve nos cumes de inverno.

Unha loita coa forza da memoria do pranto das mulleres do Courel ante a represión erguida en 1936:

Eilí vin eu nino de seis anos
da mai i as irmás o pranto máis alto
ate que unha a unha se foron esmaiando (Novoneyra 1988: 104)

Novoneyra recolle tamén ese potencial liberador da “forza de chorar” das mulleres, estendéndoa, así mesmo, aos homes no verso libertario “Inda a bágoa máis pura máis sin dirección acusa ó poder” (Novoneyra 1988: 130).

E a loita integral pola liberdade asoma tamén no “Vietnam canto” na solidariedade persoal co Vietnam nos cumes do Courel, na cama, na cocifña e no corazón, e coa “mai ANA amor”.

O AMOR ATENUA O MUNDO

“NEVA para atenuar o MUNDO” (Novoneyra 1988: 133). Neva amor para atenuar o mundo:

Branca Uxío i Arturo
quedaranse no Futuro
quedaredes no Futuro
(...)
e ti Galicia a durar
anque se funda o lousado
e caia a neve no lar
anque se funda o faiado.
No coarto en que fun nado
e no mesmo leito ha nevar (Novoneyra 1990: 210)

Galicia a durar. E a mellorar. Coa *letanía* “Sabemos que ti podes ser outra cousa”. Que así sexa. Mulleres Ollos Grandes. Mans. Pés... Todo Grande. Aínda que Pequeno. Carne do casamento en Lugo coa Letanía de Galicia, con Castelao e Pacios.

E, como o amor, a beleza mellora o mundo:

A Elba

Ir a Santiago de Compostela
non sin antes por Lugo pasar
ou sin logo por Lugo tornar.

Ir co-ela
e vela como era
leve azafrán entre laranxa e cera (Novoneyra 2010: 76)

Amo e por eso esixo a beleza (Novoneyra 1997: 199)

Esixamos a beleza.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Blanco, Carmen (2005): “María Balteira, muller leda sen lei: a loanza oculta no poema de Lorenzo Varela”, *Boletín da Real Academia Galega* 366, 17-20.
- Blanco, Carmen (2006): *Sexo e lugar*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Blanco, Carmen (2007): *María Mariño. Vida e obra*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Blanco, Carmen (2010 a): *Novoneyra: un cantor do Courel a Compostela. O poeta nos lugares dos seus libros*. Noia: Editorial Toxosoutos.
- Blanco, Carmen (2010 b): “E perfume porvir”, *Culturas. Letras galegas 2010. Novoneyra “Os eidos na raíz do ser inxel”*, *La Voz de Galicia*, 15 de maio de 2010, pp. 8-9.
- Novoneyra, Uxío (1966): *Elegías del Laurel y otros poemas*. Madrid: Rialp.
- Novoneyra, Uxío (1986): *Muller pra lonxe*. Lugo: Deputación de Lugo.
- Novoneyra, Uxío (1988): *Do Courel a Compostela*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións.
- Novoneyra, Uxío (1990): *Os eidos*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Novoneyra, Uxío (1991): *Tempo de elexía*. A Coruña: Vía Láctea.
- Novoneyra, Uxío (1997): *Antoloxía poética*. Vigo: A Nosa Terra.
- Novoneyra, Uxío (1999): *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Novoneyra, Uxío (2010): *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas*. A Coruña: La Voz de Galicia.
- Rodríguez Fer, Claudio (1986): “Epílogo”, en Uxío Novoneyra: *Muller pra lonxe*. Lugo: Deputación de Lugo, 81-84.
- Rodríguez Fer, Claudio (1989): *Poesía Galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.